

# Os campos de acción da Educación Primaria

Educación Matemática I  
1º curso do Grao en Educación Primaria

M<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro, M<sup>a</sup> Elena Segade Pampín e Carlos Soneira Calvo

# Presentación da experiencia

Servizo con un carácter integral, fomentando a versatilidade do titulado en Grao en Educación Primaria.

- ▶ Destinatarios: Cativos de entre 6 e 12 anos de idade, en risco ou non de exclusión social.
- ▶ Entidades: diferentes Asociacións, ONG's, entidades deportivas e centros escolares.

# Descrición da experiencia

- ▶ Os/as estudantes en pequenos subgrupos realizan o servizo en diferentes entidades mediante a realización de actividades relacionadas coas matemáticas.
- Cóbrese a necesidade de adaptación do titulado no Grao en Educación Primaria ás demandas profesionais da sociedade actual, ampliando o seu campo de acción co que se incrementan as posibilidades de inserción laboral (motivo de que as entidades receptoras do servizo sean varias, e de características diversas).
- Atendese ás necesidades de determinados colectivos sociais, cuxa situación pon en risco a igualdade de oportunidades.

# Obxectivos

- ▶ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos a situacións da vida cotiá.
- ▶ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo y de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal.
- ▶ Coñecer e utilizar de maneira apropiada as linguas galega e castelán.
- ▶ Coñecer e apreciar os valores e las normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos.
- ▶ Saber aplicar os coñecementos matemáticos á práctica deportiva.

# Participantes

- ▶ 142 estudantes da materia Educación Matemática I.
- ▶ 15 entidades (asociacións, ONG,s, clubs deportivos e centros escolares).
- ▶ Persoal das diferentes entidades.
- ▶ 3 docentes da UDC.
- ▶ Nenos e nenas entre 3 e 16 anos.

# Resultados de aprendizaxe

- ▶ Potenciar e desenvolver o coñecemento de conceptos matemáticos básicos.
- ▶ Coñecer as particularidades das matemáticas no currículo escolar da Educación Primaria.
- ▶ Avaliar e analizar o ensino e a aprendizaxe das matemáticas na etapa de Educación Primaria utilizando recursos didácticos.
- ▶ Diseñar recursos didácticos para traballar as competencias e contidos matemáticos incluídos no currículo escolar da Educación Primaria.
- ▶ Poñer en práctica os coñecementos teóricos estudados nas aulas universitarias.
- ▶ Ser capaz de adaptar a praxe docente en matemáticas ás características do discente.
- ▶ Coñecer e transmitir a utilidade das matemáticas na vida cotiá.